

D.O.CRA DE NARÓN
TERCEIRO TRIMESTRE

CURSO 2019-20

Segundo as instrucións da Comunidade Autónoma de Galicia que teñen por obxecto determinar nos centros docentes aqueles aspectos organizativos e académicos necesarios para o adecuado desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/2020, no contexto da aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19.

En xeral o D.O colaborará co a organización de recursos de apoio para favorecer na medida do posible a axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren unha adecuada atención e avaliación deste alumnado. Poremos especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e continuaremos co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, adaptándoas á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.

D.O. TERCER TRIMESTRE	
• FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> – O profesorado de PT e AL e orientadora manteremos comunicación diaria de ser preciso e videoconferencia semanal. – A comunicación para a coordinación co D.O. do CPI do Feal á que estamos adscritos serán quincenais para coordinar o paso dos nenos e nenas do colexio ao C.P.I e para intercambio de información. – As intervencións do E.O.E. si fosen necesarias axustaranse á situación actual.
• ACCIÓNS PRIORITARIAS	<ul style="list-style-type: none"> – Relacionadas coa inclusión e a diversidade. – Relacionadas coa acción titorial. – Relacionadas cos procesos de avaliación. <p>Estas directrices serán desenvolvidas tendo en conta o contexto, as características de cada ámbito de actuación e a situación actual ocasionada polo COVID-19.</p> <p>As accións desenvolvidas dirixiranse, segundo os casos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Ao alumnado. – Ao profesorado. – Ao centro. – Ás familias. – A outras institucións.
• PLANS ESPECÍFICOS:	<p style="text-align: center;">➤ Apoio ao proceso de ensinanza aprendizaxe:</p> <p><i>1.- Obxectivos referidos ao alumnado:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Contribuír á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe, atender a diversidade. – Identificar as dificultades no desenvolvemento persoal ou de aprendizaxe do alumnado. – Colaborar coas iniciativas para compensar as desigualdades.

	<p>2.- <i>Obxectivos referidos ao profesorado:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Coordinar a actuación do profesorado titor e profesorado de apoio ao alumnado con NEAE para tentar dar resposta as necesidades do alumnado. – Colaborar no proceso de avaliación achegando información que poida ser relevante. – Colaborar no seguimento e avaliación da ACIs. <p>3.- <i>Obxectivos referidos ao centro:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Colaborar, a través da CCP, coa coordinación entre niveis. <p>4.- <i>Obxectivos referidos ás familias.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Desenvolver relacións coas familias. – Contribuír na coordinación e cooperación entre o colexio e as familias que redunda nun beneficio para o noso alumnado. – Informar ás familias cando os seus fillos ou fillas precisen algunha medida de atención á diversidade ou calquera outra necesidade que poida xurdir. <p>5.- <i>Obxectivos referidos a outras institucións.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Solicitar axuda ao E.O.E. naqueles casos que sexa preciso. – Manter contactos co departamento de AASS deste Concello.
	<p>➤ Apoio ao Plan de Acción Titorial:</p> <p>1.- <i>Obxectivos referidos ao alumnado:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – escoitar e responder as demandas do alumnado . <p>2.- <i>Obxectivos referidos ao profesorado.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Colaborar co equipo de educación infantil na elaboración do plan de acollida do alumnado que comeza EI. – Colaborar na elaboración dun plan de acollida para o alumnado que empece E.P. – Colaborar coa función titorial e proporcionar ao profesorado información sobre recursos, medios materiais, estratexias metodolóxicas etc. que poidan axudar no seu traballo. – Colaborar na elaboración do informe individual no caso dos alumnos e alumnas que cursen sexto curso de Educación Primaria e que accederán á ESO. <p>4.- <i>Obxectivos referidos ás familias.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Contribuír na coordinación e cooperación entre o colexio e as familias.
	<p>➤ Apoio ao Plan de Orientación Académica:</p> <p>1.- <i>Obxectivos referidos ao alumnado:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Resolver as inxedanzas de orientación académica do alumnado. – Contribuír á acollida do alumnado que inicia a escolaridade. Queda pendente as Entrevistas iniciais Coas familias , prevista para maio , en función do que permitan as autoridades sanitarias – Orientar para o paso de Educación Infantil a Educación Primaria. <p>2.- <i>Obxectivos referidos ao profesorado:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Aportar ao profesorado titor a información e material que soliciten. <p>3.- <i>Obxectivos referidos ao centro:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA...). <p>4.- <i>Obxectivos referidos ás familias:</i></p>

	<ul style="list-style-type: none"> – Informar ás familias sobre o sistema educativo, e da importancia do inicio da escolaridade dos seus fillos e fillas. – Informar ás familias sobre o sistema educativo, e da importancia do paso de E.I. a E.P. – Informar e asesorar, no ámbito da orientación educativa e psicopedagóxica ás familias tendo en conta os resultados das avaliacións e das probas de aptitudes BADYG que deron tempo a pasar (Infantil e 4º de Primaria). – Asesorar e informar ás familias do alumnado con nee. para que coñezan as medidas educativas extraordinarias ás que teñen dereito os seus fillos e fillas. <p><i>5.-Obxectivos referidos a outras institucións:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> – Coordinar co departamento de orientación do CPI do Feal o paso do noso alumnado de 6º de Infantil de Sedes e Domirón e de 4º de primaria da Escola de O Val – Coordinar coas xefas de departamento de orientación da zona para traballar conxuntamente algúns aspectos. – Establecer canles de colaboración con entidades que poidan axudar á mellor integración do alumnado con NEAE (ASPANEPS, ASPANAES, Centro de Saúde...)
<p>ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Colaboración coa comunidade escolar e coas distintas institucións que inciden na atención á diversidade. ➤ Comunicación coas familias.

ACTIVIDADES 3º Trimestre DO:
<ul style="list-style-type: none"> – Atención telemática ao alumnado cando este, os seus titores/as ou as familias o requiran. – Atención telemática periódica ao alumnado con NEAE. – Atención telemática periódica as familias de alumnado NEAE – Coordinación diaria co profesorado especialista PT e AL para enfocar conxuntamente o traballo do alumnado NEAE. – Coordinación sempre que se precisa co D.O. do CPI do Feal para coordinar a acollida do alumnado que empezará de 1º de Primaria (Escolas Sedes e Domirón)e de 5º de primaria (Escola de O Val) para transferir a información necesaria do alumnado para iniciar o curso 20/21 da mellor maneira posible. – Participación co profesorado PT e AL na selección de material para o alumnado NEAE – Información do paso de infantil a primaria por medio da páxina web, de Abalar ou de outra forma que se estableza. – Información ás titoras e ás familias do alumnado de 4º de Primaria dos resultados das probas de aptitudes BADYG-2 pendente dende marzo – Información ás familias do alumnado que inicia Educación Infantil e do que inicia Educación primaria. – Colaboración nas diferentes actividades que se programen no colexio. – Seguimento e avaliacións dos RE. – Elaboración de programas de apoio como resposta ás necesidades que se establezan. – Facilitación de material necesario para atender as necesidades de aprendizaxe do alumnado. – Proposta de actividades para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso.

- Entrevistas individuais coas familias do alumnado que vai iniciar a escolaridade si fose posible, dependendo das normas que diten a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación. Previstas para o mes de maio e aplazadas polo momento
- Comunicación coas institucións que correspondan, e coas orientadoras da zona.
- Participación nas sesións da 3ª avaliación.
- Participación na organización e planificación dos programas de reforzo cara ao curso 20/21.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre PT (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades de Lingua e /ou Matemáticas propostas ao alumnado de Primaria que recibe apoio de PT, son consensuadas coas profesoras titoras. Son todas actividades de repaso e reforzo. Fanse chegar aos alumnos a través da Páxina Web , lista de difusión de WhatsApp ,correo electrónico e, nos casos de familias que non dispoñen de conexión a Internet, entregadas impresas nos domicilios coa colaboración do Concello .
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Cos alumnos que non teñen acceso a Internet desde un ordenador, empregamos o teléfono móbil para facer as correccións e explicacións oportunas, a calquera hora e día. O alumno envía un WhatsApp coas dúbidas e a profesora chama para facerlle as aclaracións necesarias. Cando eses alumnos rematan as actividades propostas para a semana , normalmente envían foto do traballo realizado. Ás veces isto último non ocorre e entón volvemos insistir na importancia de finalizar as tarefas propostas....
Materiais e recursos	Materiais impresos elaborados polas profesoras e outros de diferentes editoriais. Recursos da Aula Virtual

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre AL (recuperación, repaso, reforzo)	
Actividades	As actividades propostas ao alumnado de Educación Infantil e de primaria que recibe apoio de AL, son consensuadas coas profesoras titoras. Fanse chegar aos alumnos a través da Páxina Web ou correo electrónico. Ademais entrega de material específico as familias que o solicitaron a través do correo electrónico.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen	Realización de actividades participativas, lúdicas e de constante motivación, así como cambio de actividades e recursos para centrar o interese e a atención do alumnado con Necesidades

conectividad):	específicas de apoio educativo.
Materiais e recursos	<p>Materiais elaborados polas profesoras que eles tendo a oportunidade terían que plastificar e senón pódense usar sen plastificar.</p> <p>Materiais aportados polo centro de interese para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que as familias foron a recoller un día acordado.</p> <p>Recursos da Aula Virtual.</p> <p>E recursos web enviados as familias a través do correo electrónico.</p>

En Narón a 5 de maio de 2020

Xefa do Departamento de Orientación:

Asdo: Susana García Martínez

